



Avisos

* ITV Agrícola os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro, no sitio de sempre xunta o Centro Médico, para anotarse chamar ao teléfono de sempre ou ben a través da web <http://www.sycityv.com/es/>.

Centro de maiores

* Vacacións de Nadal no Centro Social de Maiores: dende o día 22 de decembro ata o 4 de xaneiro. O día 5 de xaneiro coincidindo coa feira mensual o Centro volverá a retomar a súa actividade.

* **Escola de memoria:** "A memoria gardará o que valga a pena. A memoria sabe de mín máis do que eu sei; e ela non perde o que merece ser salvado". Eduardo Galeano.

Que é?	Sesións grupais nas que se propoñen actividades a persoas do concello con idades comprendidas dende os 50 anos en diante que desexen entrenar a memoria.
Presentación:	5 de xaneiro ás 11:00 h
Data de inicio:	Xoves día 12 de xaneiro de 11:00 h a 12:00 h.
Ubicación:	Centro Municipal de Maiores.

Cabalgata Reis

* O día 5 de xaneiro, os Reis Magos visitarán Boimorto. Sobre ás 6 da tarde chegarán o polideportivo para repartir agasallos, acompañados no seu percorrido por unha personaxe infantil. Dende ás 17:30 haberá música, xogos e baile no polideportivo. Para rematar haberá unha sorpresinha para os asistentes.

Servizos Sociais

* O Concello de Boimorto pon en funcionamento o **Servizo de atención Psicolóxica**.

Que é?	Un servizo de asesoramento, apoio e orientación psicolóxica.
A quen vai dirixido?	A todas as persoas que o precisen e que estén empadroadas no concello.
Obxetivos	<ul style="list-style-type: none">▪ Realizar unha orientación diagnóstica en cada caso.▪ Valoración do tratamento máis axeitado a seguir.▪ Derivación a recursos máis específicos cando sexa necesario.
Onde está ubicado?	Nos servizos sociais no edificio do concello.
Horario de atención	Luns e mércores en horario de 12:00 h a 15:00 h. Previa cita (Tfno.: 981 516075).

Emprego

*CURSO DE XESTIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (EGAP)

Poderá cursarse en Santiago de Compostela ou mediante videoconferencia desde as delegacións territoriais de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Inscripción: ata as 23 horas do 12 de xaneiro en <http://egap.xunta.gal/matricula> Ademais, as persoas solicitantes deberán enviar dentro do prazo de matrícula a novas.egap@xunta.gal o seu CV e unha carta de motivación -cunha extensión máxima de 2 páxinas- na que manifesten o seu interese persoal no curso. No mesmo correo deberán indicar o lugar elixido para seguir o curso. Máis información no DOG do 16 de decembro.

* Axudas para o fomento das razas autóctonas galegas para o ano 2017.

A Consellería de Medio Rural convoca axudas destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento das razas autóctonas galegas. Prazo de presentación de solicitudes: 27 de Xaneiro de 2017. Máis información: DOG do 27 de Decembro de 2016.

* BOLSA DE TRABALLO ANIMADOR/A DEPORTIVO/A

Publicación no BOP núm. 243 do 26/12/2016 a convocatoria e bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como animador/a deportivo/a.

Requisitos específicos:

- Estar en posesión do título de Técnico superior en animación en actividades físicas e deportivas ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes así como ter a formación mínima indicada no Decreto 104/2012 de 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia artigos 4 e 6.1.
- Carné de conducir B1 en vigor.

Prazo de presentación de solicitudes: 10 días naturais contados a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (**ATA O DÍA 5/01/2017 INCLUÍDO**).

